

## CIRCULAR INFORMATIVA

### CONVOCATORIA da elección de representantes ao Consello Escolar do Profesorado

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29-09-2021), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:


**Primeiro.-** Conforme o establecido no artigo 11 apartado 13 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, corresponde elixir no presente proceso electoral a **3** profesores/as que rematarían o seu mandato en 2024, dun total de 6 que debe ter o Consello Escolar.

**Segundo.-** Son electores todo o profesorado do Centro (agás substitutos/as) e incluídos/as no Censo electoral exposto no taboleiro de anuncios da sala de profesorado, a partir da data desta convocatoria.

**Terceiro.-** Son elixibles os profesores/as que, estando incluídos no Censo electoral correspondente, formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilita na Secretaría do Centro. As candidaturas poderanse presentar a partir da data desta convocatoria e ata as 14:00 horas do día 12 de novembro.

**Cuarto.-** A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente, o profesor/a de maior idade e o/a de menor idade, actuando este último de secretario.

**Quinto.-** A campaña electoral comprenderá dende a data de proclamación de candidatos/as o 21 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Centro. O



día 22 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

**Sexto.-** As votacións realizaranse neste Centro o día 23 de novembro, de 13:15 a 14:10 horas.

A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 13:50 horas.

**Sétimo.-** Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **tres** nomes da lista de candidatos/as. O voto será directo, secreto e non delegado. Non se admitirá o voto por correo.

**Oitavo.-** Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, e, unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do Centro

**Noveno.-** Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores/as, a tales efectos, para o día 16 de novembro.

**Décimo.-** A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Miño, 4 de novembro de 2021.

O Director do Centro e Presidente da Xunta Electoral,

Asdo: Juan Luis Garcia Díaz